



## **Partido dos Socialistas de Galicia**

Agrupación Municipal de Moaña  
Rúa H, 13-14 local 3 – Urb. O Rosal  
36950 Moaña  
Teléfono 629827488

A Agrupación municipal do PSdeG-PSOE de Moaña organiza un encontro (o primeiro que leva a cabo a actual executiva), o vindeiro martes 30 de maio as 8 da tarde na sede do partido en Moaña co obxectivo de recoller de primeira man as inquietudes da comunidade escolar de Moaña.

O encontro contará coa asistencia do compañeiro José Armando Cristóbal Fernández (Delegado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en Pontevedra) e do compañeiro Guillermo Meijón Couselo (Voceiro de educación do Grupo Parlamentario Socialista).

No transcurso do acto, falarase en detalle das diferentes actuacións postas en marcha polo Partido Socialista, entre as que se poden destacar entre outras :

- A gratuidade dos libros de texto.
- A creación de becas por valor de 3 millóns de € para que 3.000 alumnos de ESO entre 12 e 17 anos estudien inglés no estranxeiro durante o verán.
- A implantación do acompañante no transporte escolar -30.000 alumnos e arredor do 63% do alumnado de educación infantil e primaria- por valor de 8 millóns de €.
- As axudas para adquisición de ordenadores personales
- Etc.

Ó acto están especialmente invitados os directores dos centros educativos do noso concello, os directivos das ANPAS e todos aqueles veciños que teñan interese en coñecer de primeira man a situación actual e as perspectivas da educación sostida con fondos públicos no noso Concello.

En Moaña a 26 de maio de 2006.

Manuel Rodríguez  
Secr. Cultura e Deportes

Victor Pastoriza  
Secr. Xeral